

## POR QUE NON COBRAMOS A PEA OS DOCENTES DA CONCERTADA?

12 de decembro de 2017

O art. 62 bis, a disposición transitoria 2ª e a disposición adicional oitava do noso Convenio establece o dereito a percibir unha paga extraordinaria por antigüidade na empresa para os traballadores que cumpran 25 anos na empresa. No mesmo artigo dise que o calendario e o proceso de aboamento será conforme aos Acordos autonómicos que se subscriban. **O problema xorde cando unha das partes que debe negociar o Acordo non quere facelo, porque non está disposta a pagar o que lle corresponde.**

Desde 2009 e despois de moito negociar conseguimos que se asinase un Acordo o 24 de novembro de 2010, que non se fixo efectivo, e só para 84 persoas, ata xaneiro de 2012.

Que sucede a partir desta data? O goberno de Feijoo inclúe nos orzamentos de 2012 e anos posteriores unha prohibición expresa que impide chegar a acordos cos docentes da concertada en pago delegado: ***“No ano 2018 a Administración autonómica tampouco subscribirá acordos nin ditará instrucións ou resolucións para o aboamento da paga extraordinaria por antigüidade na empresa prevista no VI convenio colectivo de empresas do ensino privado sostidas total ou parcialmente con fondos públicos.”***

Este ano todos os partidos políticos da oposición presentaron enmendadas aos orzamentos nas que se pedía a supresión deste infame parágrafo; a resposta do

gobierno “amigo da concertada”, na persoa do Sr. Conselleiro de Educación foi :”imposible, non temos capacidade para modificar os orzamentos”. FeSP-UGT lembroulle que suprimir ese parágrafo non é alterar os orzamentos, só dar vía libre a unha negociación que non tiña que concretarse necesariamente no 2018. O Sindicato Nacional de Ensino Privado da FeSP UGT pregúntase para que teñen capacidade esta consellería e este conselleiro.

**FeSP-UGT esixe ao Sr. Conselleiro que faga o seu traballo: aportar solucións políticas a problemas políticos que teñen consecuencias laborais e salariais. Lembrámoslle que os traballadores non temos culpa da crise e que deixar de aboar a PEA foi unha decisión política dos gobernos do seu partido.**

***Xuntos podemos máis***

**SINDICATO NACIONAL DE ENSINO PRIVADO  
DA FeSP-UGT ENSINO**